



GRATUIDADE SOLIDARIA PARA O CURSO 2018-2019

A Orde do 9 de maio de 2018 (DOG 21 de maio de 2018) regula a gratuidade solidaria de libros de texto para o próximo curso escolar, que se levará a cabo mediante os procedementos :

a) Axudas para a adquisición de libros de texto.

- Para alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

b) Fondo solidario de libros de texto.

- Para alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria.

c) Axudas para a adquisición de material escolar.

- Para alumnado de Educación Primaria, Eso ou Educación Especial.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- ❖ Anexo I e II da citada Orde.
 - ❖ Será única por familia, independentemente dos fillos que se atopen cursando estudos no centro. Tendo que especificar o nivel de estudos que realizará no vindeiro curso.
 - ❖ Deberán presentarse en soporte papel, preferiblemente no centro docente.
 - ❖ Estar asinada polo pai, nai ou titor/a ou representante legal.
 - ❖ A súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria.
 - ❖ Que son certos os datos indicados e a documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.
 - ❖ Se compromete a conservar en bo estado e devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.
- **Prazo de presentación das solicitudes: ata o día 22 de xuño de 2018.**

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE

a) Copia do DNI/NIE dos membros computables da unidade familiar, **cando non autoricen a consulta de forma telemática.**

b) Libro de familia no que figuren todos os membros computables.

Só no caso de non ter libro de familia ou este non reflecta a situación o día 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

- ✓ Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - ✓ Certificado ou volante de convivencia.
 - ✓ Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) Grao de discapacidade. Achegarase o certificado acreditativo emitido polo órgano

competente ou o documento acreditativo da condición de perceptor dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

d) Renda familiar 2016. Achegarase copia da declaración do IRPF ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante.

Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no artigo 3 da orde de convocatoria:

○ A situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2016 e o exercicio fiscal 2016. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

○ Sumarán os recadros **392** (base impoñible xeral) e **405** (base impoñible do aforro) da declaración e dividirase entre o número de membros da unidade familiar.

e) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar, documentación acreditativa

Obriga dos beneficiarios:

1. Conservar os libros en bo estado e incorporalos, ao rematar o curso 2018-19, ao fondo solidario do centro, agás o alumnado de 1º e 2º curso de Ed. Primaria. No suposto de traslado de centro durante o curso, deberá devolver os libros recibidos.

2. Destinar o importe do vale dos libros, a adquirir os libros de texto que indique o centro en que está matriculado o alumno.

3. Destinar o importe do vale do material, a adquirir o material escolar.

A falta de devolución dos libros de texto é causa de **exclusión do fondo solidario de libros de texto e material escolar**. Ademais, revisada a información das devolucións na aplicación axudaslibros, a consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos con cargo ao vale.

Contía das axudas:

1. Para adquirir material escolar

✓ Renda igual ou inferior a 5400 euros..... 50 euros

2. Para adquirir libros de texto de 1º e 2º de E. Primaria

✓ Renda igual ou inferior a 5400 euros..... 170 euros

✓ Renda superior a 5.400 e ata 9.000,00 euros 90 euros

3. O alumnado que participe no fondo solidario

✓ Renda igual ou inferior a 5400 euros..... 6 libros

✓ Renda superior a 5.400 e ata 9.000,00 euros..... 4 libros

✓ Alumnado en situación de garda ou tutela pola Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%..... 6 libros con independencia da renda.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

O alumnado que no presente curso recibiu a axuda ou fondo ten que entregar ao seu titor os libros antes do venres 15 de xuño.

A entrega dos libros do fondo solidario para o vindeiro curso, realizarase ao inicio de curso.